

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional

Anexo I. Proxecto Funcional

Protocolo de colaboración para a elaboración de obras



Índice

1	Solicitud de obras por particulares ou empresas privadas.....	3
2	Solicitudes de obras por entidades públicas ou asociacións sen ánimo de lucro.....	3
2.1	Prazo.....	3
2.2	Acordo de colaboración.....	3
2.3	Prezo.....	3
2.4	Traslado e instalación.....	3
	O traslado e posterior instalación da obra obxecto do acordo de colaboración será a cargo da entidade peticionaria, tal como se recolle no texto do acordo de colaboración.....	3
3	Acordo de colaboración (texto).....	4

1 Solicitude de obras por particulares ou empresas privadas

Respecto a estas solicitudes publicaranse na web do centro previa aceptación de publicidade dos datos de contacto facilitados por parte dos solicitantes (persoas particulares ou empresas privadas). Será preciso un correo electrónico visible ou teléfono para que os ex-alumnos, alumnado actual con taller propio ou profesionais do sector se poñan en contacto co solicitante.

As condicións para a elaboración das obras ou pezas escultóricas será a pactada de modo particular entre os interesados, sen que o CIFP de Cantería de Galicia interveña de ningún modo en dito acordo, salvo a publicidade da obra solicitada na súa web.

2 Solicitudes de obras por entidades públicas ou asociacións sen ánimo de lucro

2.1 Prazo

A petición de obras ou pezas escultóricas realizarase entre o 1 de xuño e o 15 de setembro, para estudar a posibilidade de adecuar as mesmas aos resultados de aprendizaxe contidos nos módulos prácticos incluídos nas programacións didácticas. Esta cuestión determina que será o equipo docente de taller o que determine a idoneidade das obras a desenvolver cada curso académico e o seu posible desenvolvemento, en función da súa adecuación ao proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

As peticións realizadas fóra do prazo indicado, estarán supeditadas as mesmas condicións do parágrafo anterior e poderá posporse a súa elaboración hasta o curso seguinte, se ten informe favorable do equipo docente de taller, ou no prazo que se estime por este.

En calquera caso será o CIFP de Cantería de Galicia, previo informe favorable do equipo docente, quen determine as obras a realizar durante o curso académico, previa sinatura do acordo de colaboración coa entidade solicitante e seguindo as directrices contidas neste protocolo.

2.2 Acordo de colaboración.

O acordo de colaboración asinarase entre o responsable da dirección do CIFP de Cantería de Galicia e a persoa responsable que determine a entidade pública ou asociación sen ánimo de lucro.

As condicións dos acordos de colaboración seguirán o modelo incluído no punto 3 de este protocolo.

2.3 Prezo

As entidades públicas ou asociacións sen ánimo de lucro aboarán á canteira o prezo volumétrico do material a empregar.

2.4 Traslado e instalación

O traslado e posterior instalación da obra obxecto do acordo de colaboración será a cargo da entidade petionaria, tal como se recolle no texto do acordo de colaboración.

3 Acordo de colaboración (texto)

Acordo entre o CIFP de Cantería de Galicia, e

REUNIDOS

Dunha parte, con DNI director/a do CIFP de Cantería de Galicia, CIF Q3600455D, como representante do centro público de formación dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Doutra,, con DNI, en nome e representación de

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense mutua capacidade para obrigarse e a lexitimación suficiente para o outorgamento do presente documento, a cuxo fin

EXPOÑEN

I. Que tras a publicación do DECRETO 176/2024, do 8 de xullo, de creación do Centro Integrado de Formación Profesional de Cantería de Galicia, o centro transfórmase en CIFP e pasa a formar parte da Rede de Centros Integrados de Galicia. No decreto indícase a oferta formativa, que inclúe o Ciclo medio de Pedra natural- especialidade en cantería.

II. Que este centro público de ensinanza ten como obxectivo, no eido da Pedra Natural, a formación de profesionais capaces de desenvolver un traballo de alta especialización na cantería e escultura en pedra. Para este fin, proporciona ao alumnado unha formación teórico-práctica e artística de calidade, que garante a cualificación dos/das futuros/as técnicos/as.

III. Ademais, é finalidade da Escola tal e como recollía o DECRETO 119/2023, do 20 de xullo, polo que se se asumiu o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións, servizos e recursos persoais e materiais afectos á Escola de Canteiros de Poio prestados pola Deputación Provincial de Pontevedra e se acordou a súa transformación nun centro público docente dependente da Xunta de Galicia, a Escola de Canteiros pasa a ser da titularidade da Consellería de Educación, mantendo os obxectivos de conservar e promover un dos oficios máis antigos e nobres de Galicia, o de cantería.

IV. Que no desenvolvemento das programación didácticas das diferentes materias, e especialmente en escultura, cantería e modelaxe, o alumnado realiza obras que lle permiten adquirir a suficiente pericia técnica e acadar un aprendizaxe completo e significativo, ao desenvolver os contidos nun contexto parello ao entorno de traballo real.

V. Que, na solicitude remitida pola, expresan a vontade de contar cunha(descrición da obra a colaborar)..... en pedra para

VI. Que analizadas as circunstancias, ambas partes consideran de interese esta colaboración, xa que a exhibición pública dos produtos realizados no proceso formativo do alumnado é reflexo da relevancia da cantería galega. Deste xeito contribúese a promoción e difusión do oficio da cantería, do patrimonio cultural, da identidade galega, e dos propios estudos que se cursan no CIFP de Cantería de Galicia, poñéndose en valor os resultados da actividade didáctica no centro.

VII. Que co fin de posibilitar a colaboración entre ambas entidades, ambas as partes acordan subscribir o presente acordo, en base ás seguintes puntos:



ACORDAN

Primeiro. Obxecto do acordo

Este acordo ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o CIFP de Cantería de Galicia, e a para a entrega dunha escultura a situar

Segundo. Condicións do acordo a asumir pola entidade peticionaria

A entidade pública/ asociación sen ánimo de lucrocomprométese:

- A obtención das correspondentes autorizacións para a instalación da referida obra, incluído o permiso do Concello, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e calquera outro necesario neste caso.
- A aboar á cantería determinada polo CIFP de Cantería o custe volumétrico da pedra necesaria para realizar a obra.
- A facerse cargo do traslado ata o lugar sinalado para a súa ubicación e a cimentación, sinalización ou elementos auxiliares de ser o caso, precisos para a colocación.
- A obriga do mantemento e conservación da devandita peza, observando a máxima prudencia e velando polo bo estado das mesmas.
- A facer constar na publicidade do acordo de colaboración, e nas comunicacións relativas ao mesmo ou ás propias pezas, a realización das obras por parte do CIFP de Cantería de Galicia, centro titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia.
- A coordinar coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional as datas de colocación e descuberta das obras.

Terceiro. Condicións do acordo a asumir polo CIFP de Cantería de Galicia

O CIFP de Cantería de Galicia comprométese ao seguinte:

- A realizar a entrega da obra solicitada pola entidade peticionaria de acordo ao sinalado, neste caso unha, segundo modelos de referencia, que será necesario adaptar ao lugar de colocación, en función das súas características técnicas. A data de entrega será proporcionada cando o proxecto final estea definido, en función das particularidades do mesmo e se axuste a elaboración da mesma aos resultados de aprendizaxe contidos nas programacións didácticas do centro.
- A instalación de placa identificadora "Xunta de Galicia, CIFP de Cantería de Galicia" no conxunto escultórico, para sinalar á entidade que executou as obras.
- A cumprir igualmente os requisitos de publicidade do acordo, mencionando a colaboración entre a e o CIFP de Cantería de Galicia, centro titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia.
- A realizar o seguimento e o cumprimento dos puntos acordados, asegurando a coordinación dos actos relativos á entrega e a axeitada publicidade do acordo.



E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman o presente acordo na data da súa sinatura.

En Poio, na data da sinatura dixital.

O CIFP de Cantería de Galicia

.....

Entidade pública / Asociación sen ánimo de lucro

.....